

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 07 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MELIDE PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USO INDUSTRIAL. MARZO 2023.

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do día 25 de maio de 2023, acordou a aprobación inicial da “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 07 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MELIDE PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USO INDUSTRIAL. MARZO DE 2023”.

En cumprimento do disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e o artigo 144.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sométese o documento aprobado á información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncio no taboleiro de edictos, no Diario Oficial de Galicia **núm. 139** do 21 de xullo de 2023 e no xornal “El Correo Gallego”. O prazo comezará a computar dende a publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG **núm. 139** 21/07/2023).

Durante o devandito período quedará o documento a disposición de calquera que queira examinalo, a efectos de que se presenten as alegacións que se consideren pertinente, na seguinte URL:

[https://sede.concellodemelide.gal/etc/
L01150465/2022U032000001/15046_MP07NNSS_202303_AI_01PDF_diligenciado.zip](https://sede.concellodemelide.gal/etc/L01150465/2022U032000001/15046_MP07NNSS_202303_AI_01PDF_diligenciado.zip)

Así mesmo, faise pública a suspensión do outorgamento de licencias naqueles ámbitos do territorio obxecto desta modificación puntual do planeamento cuxas novas determinacións supoñan unha modificación da ordenación urbanística vixente. A duración da suspensión é de dous anos a contar dende a aprobación inicial e extingúndose, en todo caso, coa aprobación definitiva.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Melide, 21 de xullo de 2023

José Manuel Pérez Penas

O Alcalde